

# WE REFUGEES

READING\_STATE OF SIEGE (2019)  
UN PROXECTO DE JESÚS PALOMINO

PERFORMANCE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA  
3 de outubro de 2019

Horario: 20:00 h

Acceso libre e grauíto ata completar a capacidade da sala

“Durante os meses de outubro e novembro de 2016 presentei, en colaboración co Festival Internacional de Arte e Dereitos Humanos ARTifariti, o proxecto *READING\_State of Siege*. Este festival ten lugar cada ano nos campamentos de refuxiados saharauís de Tinduf en Alxeria.

A miña proposta foi moi sinxela: un grupo de actores-*performers*, homes e mulleres, lerían o poema *Estado de sitio* do autor palestino Mahmoud Darwish. O público convidado ao evento sentaría ao redor dos lectores, aproximadamente uns 30 ou 40 minutos, durante a devandita lectura nunha localización elixida especialmente para levar a cabo a *performance*. O lugar escollido foi unha silenciosa haima que xerou a atmosfera perfecta para a lectura do poema.

O público puido seguir a lectura coa axuda dun pequeno libro do poema *Estado de sitio* publicado especialmente para a ocasión. A edición en árabe de *Estado de sitio* constou de 1.000 exemplares distribuídos gratuitamente entre o público interesado dos campamentos. As portadas dos libros foron de cor vermella, negra, branca e verde. As mesmas cores das bandeiras da República Árabe Saharauí Democrática e de Palestina.

A lectura en árabe do poema foi un acontecemento en por si xa que os *performers* leron a totalidade da obra na escuridade axudándose apenas cunha pequena lanterna. Estas condicións foron especificamente deseñadas para provocar unha recepción particular e altamente estetizada da lectura. As voces no interior da haima, ás escuras, resoaron de maneira especialmente intensa a pesar de que a acción se levou a cabo de maneira antiteatral e nada afectada. Os lectores (dúas mulleres alxerianas, dous homes saharauís e outros dous alxerianos), seguindo as miñas instrucións, leron diante dun numeroso público coma se o fixesen para si mesmos, cun ritmo pausado e un ton de voz suave e concentrado. Considero que o resultado do proxecto na súa totalidade foi unha experiencia en grao sumo positiva, estimulante e catártica. Desta certeza xorde agora a idea de propoñer novamente unha acción similar con ocasión da exposición *We Refugees* na cidade de Santiago de Compostela en colaboración co Centro Galego de Arte Contemporánea”.

Jesús Palomino



O cidadán Saharauí Mustapha M-Lamin lendo o poema *Estado de sitio* de Mahmoud Darwish.

“Durante los meses de octubre y noviembre de 2016 presenté, en colaboración con el Festival Internacional de Arte y Derechos Humanos ARTifariti, el proyecto *READING\_State of Siege*. Este festival se celebra cada año en los campamentos de refugiados saharauís de Tinduf en Argelia.

Mi propuesta fue muy sencilla: un grupo de actores-*performers*, hombres y mujeres, leerían el poema *Estado de sitio* del autor palestino Mahmoud Darwish. El público invitado al evento se sentaría alrededor de los lectores, aproximadamente unos 30 o 40 minutos, durante dicha lectura en una localización elegida especialmente para llevar a cabo la *performance*. El lugar escogido fue una silenciosa jaima que generó la atmósfera perfecta para la lectura del poema.

El público pudo seguir la lectura con la ayuda de un pequeño libro del poema *Estado de sitio* publicado especialmente para la ocasión. La edición en árabe de *Estado de sitio* constó de 1.000 ejemplares distribuidos gratuitamente entre el público interesado de los campamentos. Las portadas de los libros fueron de color rojo, negro, blanco y verde. Los mismos colores de las banderas de la República Árabe Saharaui Democrática y de Palestina.

La lectura en árabe del poema fue un acontecimiento en sí mismo ya que los *performers* leyeron la totalidad de la obra en la oscuridad ayudándose apenas con una pequeña linterna. Estas condiciones fueron específicamente diseñadas para provocar una recepción particular y altamente estetizada de la lectura. Las voces en el interior de la jaima, a oscuras, resonaron de manera especialmente intensa a pesar de que la acción se llevó a cabo de manera antiteatral y nada afectada. Los lectores (dos mujeres argelinas, dos varones saharauís y otros dos argelinos), siguiendo mis instrucciones, leyeron delante de un numeroso público como si lo hicieran para sí mismos, con un ritmo pausado y un tono de voz suave y concentrado. Considero que el resultado del proyecto en su totalidad fue una experiencia de lo más positiva, estimulante y catártica. De esta certeza surge ahora la idea de proponer nuevamente una acción similar con ocasión de la exposición *We Refugees* en la ciudad de Santiago de Compostela en colaboración con el Centro Galego de Arte Contemporánea”.

Jesús Palomino

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631/02 / cgac.pedagogia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal